

## Solicitude de participación na V convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2023)

<b>Centro proponente:</b> <i>Facultade de Psicoloxía</i>
<b>Denominación da práctica:</b> <i>Curso sobre recursos de información e técnicas documentais para a realización do TFG</i>
<b>Proceso(s) do SGC implicado(s):</b> <b>Procesos estratéxicos:</b> <i>PE-01 Planificación estratéxica.</i> Esta actividade enmárcase dentro da liña estratéxica 3: <i>Ensinanza centrada no estudantado, fomentando o desenvolvemento dunha formación integral</i> do Plan Estratéxico da Facultade de Psicoloxía, 2021-2022. <i>PE-02 Revisión e mellora.</i> Dende a súa implantación, no curso 2017-18, esta actividade foi revisada e mellorada anualmente, contribuíndo á mellora do SGC do centro. <b>Procesos chave:</b> <i>PC-02 Planificación das ensinanzas.</i> A organización desta actividade realízase dentro da programación docente da materia G2011424 Tráballo Fin de Grao (TFG). <i>PC-03 Apoio a estudantes.</i> Esta actividade relaciónase coa orientación ao alumnado no desenvolvemento do título, en concreto de cara á elaboración do Tráballo de Fin de Grao. <i>PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.</i> A avaliación desta actividade, tanto a través de enquisas propias como a través da coordinación de curso, deriva na análise dos resultados do programa formativo do TFG que se teñen en conta para elaborar o informe de seguimento anual da titulación de Grao en Psicoloxía. <b>Procesos de soporte:</b> <i>PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos.</i> Esta actividade contribúe a optimizar os recursos materiais (espazos de docencia) e servizos (biblioteca) dos que xa dispón o centro dándolle un uso efectivo e produtivo para a mellora dos resultados de aprendizaxe do alumnado. <i>PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades.</i> Sendo crucial a información sobre a satisfacción desta actividade no desenvolvemento do programa formativo do TFG, o centro complementa os informes e indicadores de satisfacción proporcionados pola ACMP cun indicador propio derivado dunha enquisa de satisfacción dirixida ao alumnado e coa retroalimentación do persoal que imparte o curso.
<b>Datos de desenvolvemento da práctica:</b> <b>Planificación:</b> No momento no que se elaboran os horarios de clases de 4º do Grao en Psicoloxía para o curso seguinte, xa se ten en conta que os estudantes matriculados

na materia de TFG levarán a cabo esta actividade no horario de clases interactivas na segunda quincena de novembro. Ademais de ter en conta os horarios de clases, para a planificación do calendario de celebración do curso e o espazo no que se levará a cabo, aténdese á dispoñibilidade do persoal da biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación encargado de impartilo.

**Implantación:** Esta actividade vense desenvolvendo dende o curso 2017-18. Ten lugar, na actualidade, na segunda quincena de novembro, no horario de clases interactivas de 4º de Grao en Psicoloxía, nunha única sesión de 3 horas.

**Aviación:** O grao de satisfacción dos/as estudantes coa actividade valórase cunha breve enquisa anónima (formulario de Forms). Para intentar maximizar a participación, solicítase ao persoal de biblioteca que a imparte que, ao final da sesión, poña a disposición dos estudantes un código QR que leva á enquisa, deixando un breve tempo para que a cumprimenten.

**Axuste e mellora:** Analizadas as enquisas e atendendo as suxestións do estudiantado, e consultado o persoal que imparte o curso, introducíronse pequenos axustes nesta actividade dende que se ven desenvolvendo.

A principal modificación ten que ver con que, se ben nos dous primeiros cursos nos que se levou a cabo a actividade (2017-18 e 2018-19) impartíuse ao inicio do curso (en setembro), no curso 2019-20 pasou a impartirse na segunda quincena de novembro. Este cambio propicia que o curso teña un carácter máis aplicado e resulte de maior utilidade para o estudiantado, xa que, ao estar enfocado como complemento á formación que se precisa para desenvolver o seu TFG, en novembro xa coñecen quen vai a ser o seu titor e mesmo xa se estableceu o primeiro contacto polo que xa teñen delimitado o tema do traballo e poden aproveitar mellor o curso. Iso permítelles poder obter e xestionar información pertinente ao seu TFG utilizando os recursos cos que se traballa no curso.

Agás desta modificación no calendario, fixéronse outros axustes, como resultado da experiencia de cursos previos e as demandas dos estudantes, que se poden resumir como segue: a) por a disposición dos estudantes o material empregado no curso; b) un axuste nos horarios para facelo coincidir coas sesións interactivas das materias de 4º curso, o que implica desdobrar o curso en dúas sesións de 1,5 h., para un mellor aproveitamento do mesmo. Agardamos que coa aprendizaxe distribuída se acaden mellores resultados que coa aprendizaxe masiva. Este último axuste implementárase de forma efectiva no próximo curso 2024-25.

#### **Breve descrición da práctica:**

Trátase dun curso que se realiza coa colaboración do persoal da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación, que se responsabiliza de impartir os contidos. O resultado de aprendizaxe que se persigue é que aprendan a facer búsquedas bibliográficas sistemáticas, co coñecemento das técnicas documentais: a colección da BUSC electrónica e en papel, recursos de información; e coa xestión bibliográfica: o xestor refworks, e o formato APA 7.

Este curso enmárcase dentro das accións titoriais de orientación e acompañamento académicos do alumnado do Grao en Psicoloxía, sendo obrigatoria a súa realización para todos/as os/as estudantes da materia TFG.

Esta actividade é útil, en xeral, para todo o estudiantado do TFG do Grao en Psicoloxía pero particularmente para os/as estudantes que realizan a modalidade de revisión bibliográfica. Neste sentido é importante salientar que esta modalidade de TFG, das tres posibles, é a que se oferta pola maior parte do profesorado e realizan os estudantes nunha moi elevada porcentaxe. O número total de estudantes que realizan este curso sitúase arredor dos 180 (a totalidade dos que se matriculan no TFG), dos cales preto dun 80% realizan un traballo de revisión bibliográfica.

Compre engadir que esta actividade vense realizando dende o curso 2017-18, polo que xa se completou o ciclo de planificación, implantación, avaliación, axuste e mellora, aínda que continuemos a introducir axustes, como se describiu no apartado anterior, que a melloren.

#### **Custo da actividade**

Como xa se comentou, para o desenvolvemento desta actividade faise uso das instalacións e infraestruturas coas que conta o centro. De feito, desenvólvense nun seminario de docencia no que se imparten outras materias de Grao, polo que non comporta custos indirectos adicionais.

Tampouco compromete custos directos, xa que non se precisa de publicidade, mais alá das comunicacións que reciben os estudantes a través do Campus Virtual, e tampouco é preciso pagar dietas aos poñentes, porque o propio persoal da biblioteca é o que se ocupa de impartir o curso, optimizando así os recursos cos que contamos.

#### **Breve avaliación da eficacia da práctica**

Para avaliar o éxito da actividade non se pode recorrer aos índices de participación xa que é obrigatoria para todo o estudiantado de TFG. Cóntase, sen embargo, cunha enquisa anónima dos estudantes que, en xeral ao longo dos cursos que leva implementada, reflicta a súa satisfacción coa práctica e a valoración desta como unha boa práctica, de interese. Así, p.ex. as puntuacións nos últimos tres cursos, cunha participación media de 56,66% nos últimos tres anos, no ítem no que se pregunta si en xeral o curso lles resultou satisfactorio foron, sobre unha escala de 0 a 5 (máxima satisfacción), de 4.16, 4.22 e 4.85 respectivamente. Ademais, é de destacar que no ítem da enquisa no que se consulta sobre a utilidade do curso para os estudantes, os resultados nos últimos tres cursos foron de 4.43, 4.46 e 4.9 respectivamente (escala de 0 a 5-máxima utilidade).

Esta práctica, polos obxectivos que persegue, as súas características de formato, desenvolvemento, avaliación e custo resultaría facilmente xeneralizable a outros títulos de Grao da USC que pretendan reforzar a capacidade e apoio a estudantes no desenvolvemento da capacidade para levar a cabo un traballo académico que precise da consulta e manexo de fontes de información científica e recursos bibliográficos.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE SAMPEDRO VIZCAYA, DECANO A DA FACULTADE DE PSICOLOXIA,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/01/2024 14:55:14.

**CSV:** 194D-0215-4C01-ABEE